

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15032571	Escola San Fíns CRA de Boqueixón- Vedra Neira Vilas	Boqueixón	2024/2025	Plan pechado- seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	14/11/24
Data aprobación consello	29/10/24
Data aprobación claustro	29/10/24

2. Introducción

1. Xustificación do mesmo en relación ca normativa vixente

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Ed. e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do PD nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 34.1 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 14 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

2. Contextualización do PD no centro e contribución ao PE

A Escola de Sergude forma parte do CRA de Boqueixón Vedra Neira Vilas que conta con 6 escolas e 7 unidades de ámbito rural, repartidas en 2 Concellos. A conexión a internet é por fibra desde o ano pasado. Somos o CRA do que xurdiu a "Rede de Escolas Conectadas" da Xunta, pois nun principio foi un proxecto pioneiro dunha nai do CRA cando aínda non existía o whatsapp. (Rural School Computing (Cesga)). A infraestrutura dixital está formada por unha PDI smartboard en cada escola, ordenadores de mesa, portátiles e tablets, cámaras web, cañóns, algún do 2009. Todas teñen fotocopiadora e impresora a color (moitos mercada polo CRA).

- Este PD ten como obxectivo principal dinamizar e mellorar tanto o traballo dos docentes como do alumnado do CRA e a relación tanto coas familias coma cos Concellos e outras entidades externas ao centro dun xeito máis reglado.
- En todos os ámbitos escolares os/as docentes somos referentes e facilitadores de aprendizaxe pero máis se cabe nas idades do noso alumnado. Coa nosa dedicación ao ensino necesitamos unha competencia dixital xeral tanto para a vida como para o ensino
- Xa contamos cunha boa dinámica dixital no centro pois a maioría das escolas dispoñen de conta de instagram propia, empregamos a páxina web do centro de xeito informativo con toda a comunidade educativa ao igual que o Abalar móbil. Pertencemos a "Rede escolas Conectadas", a nosa NUBE, coa que dispoñemos dun espazo propio para o

15032571 - CRA de Boqueixón-Vedra Neira Vilas

traballo do profesorado e un espacio propio e seguro para que o alumnado acceda aos contidos dixitais que consideramos máis axeitados en cada momento educativo. En todas as escolas contamos tamén con robots para traballar na programación e realizar distintas actividades ao longo do ano en función dos proxectos que se están a realizar no centro e empregamos tamén as tics para apoiar a atención á diversidade na aula ofrecendo actividades adaptadas ao nivel de competencia, intereses e necesidades de aprendizaxe de cada alumno/a

- Toda esta actividade dixital que se está a realizar ten carácter educativo e formativo de cara ao alumnado e ás familias, pois pretendemos que aprendan a empregar as novas tecnoloxías dun xeito seguro para todos e todas.
- De cara ao vindeiro curso, este Plan Dixital pretende conseguir unha maior e mellor formación docente e discente en tics, uso dos paneis interactivos e formación en polos creativos, incorporarnos a novas comunidades en rede educativas e colaborativas, mellorar a funcionalidade dos nosos equipamentos tanto desde o propio centro nun 1º momento como de xeito externo no caso de que sexa necesario e sempre mirando cara o mellor aproveitamento destas novas tecnoloxías por parte do noso alumnado e conseguir unha maior formación e aproveitamento delas na aula para a súa aprendizaxe.

3. Proceso de elaboración

O equipo de PD é 5 mestres/as que nos xuntamos para debatilo e poder levalo a bo fin.

A directora, como coordinadora do equipo, é a coordinadora e encargada de manter contacto directo co Asesor Adix da nosa zona para a elaboración de dito Plan.

Iniciámonos no curso 23-24 a liña de Polos Creativos dentro do PFPP de Centro e continuamos neste curso.

Mantemos os datos iniciais de elaboración:

1. Rexistro en Selfie e elaboración dos cuestionarios.
2. Resposta do profesorado e equipo directivo a este cuestionario
3. Test CDD.- Realizado para coñecer o nivel de competencia dixital de cada mestre do centro.
4. Elaboración do DAFO a partir dos resultados do SELFIE
5. A partires do DAFO realización do Plan de Acción cos obxectivos a realizar para o vindeiro curso.
6. Elaboración do PD do Centro con toda esta información.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Neste cuestionario participou o 100% do equipo directivo e o 100% do profesorado. O noso alumnado non pode participar por ter menos de 8 anos.

Areas	Grupos	Ensinanzas
A -Liderado	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,5
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,7
	Profesorado	3,9
E- Pedagogía:		
Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,6
F- Pedagogía:		
Implementación na aula	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	2,8
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	2
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	2,8

Test CDD: Amosamos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

N.º profesorado que participa N.º profesorado total % participación

DEFINITIVO 8 13 61,5%

PROVISIONAL

INTERINO 1 1 100%

SUBSTITUTO 4 4 100%

DESPRAZADO

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192) Nivel de competencia Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) Nivel de competencia en Galicia

78,8 Integrador/a (B1) 76,4 Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

Puntuación media do test (sobre 192) Nivel de competencia Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) Nivel de competencia en Galicia

E.I 96,2 Integrador/a 66,2 Integrador/a (B1)

PRIM. 67,3 Integrador/a (B1) 77,3 Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

Total profesorado no nivel de competencia % de profesorado participante neste nivel

A1

A2 6 46,2%

B1 4 30,8%

B2 2 15,4%

C1 0 0

C2 1 7,7%

TOTAL 13 100,1%

Dos 13 docentes que participaron no testCDD obtemos os seguintes resultados:

- 6 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 46,2%
- 4 teñen un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1), é dicir, o 30,8%

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	Non disposición de dispositivos adecuados para o alumnado	Alumnado	Si
Debilidade	Falta de tempo, medios e dunha conexión axeitada	Familias	Si
Debilidade	Insuficientes dispositivos en boas condicións para o alumnado	Infraestruturas	Si
Debilidade	O profesorado ten escasa participación en redes profesionais	Oferta	Non
Debilidade	Baixo uso da tecnoloxía para avaliar ao alumnado e para a retroalimentación nos seguintes aspectos: autoavaliación e avaliación entre iguais, destrezas dixitais, autoaprendizaxe, competencias, actitudes, uso e licencias abertas e software libre	Organización de centro	Non
Debilidade	Falta a reflexión sobre o aprendizaxe e a autoavaliación	Persoal docente	Si
Fortaleza	Alumnado no mellor momento de absorción de coñecementos, metodoloxías, actividades, proxectos dixitais	Alumnado	Si
Fortaleza	Rápida adaptación ás modificacións dixitais realizadas	Familias	Si
Fortaleza	Contamos con moitos dispositivos dixitais para a ensinanza	Infraestruturas	Si
Fortaleza	O centro educativo ten acceso a recursos dixitais en liña ben organizados	Oferta	Si
Fortaleza	Empregamos novas modalidades de ensino. O profesorado colabora dentro da escola para o uso da tecnoloxía dixital	Organización de centro	Si
Fortaleza	O profesorado considera moi útil o desenvolvemento a través da colaboración que se está a facer	Persoal docente	Si

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Non temos asistencia técnica eficaz	Administración educativa	Si
Ameaza	Non existen extraescolares no centro xestionadas pola Anpa. Realízase a través do Concello	ANPA	Non
Ameaza	Acceso limitado do alumnado a unha conexión estable de internet	Contorna	Si
Ameaza	Insuficiente tempo para trasladar á aula os cambios metodolóxicos	Lexislación	Si
Ameaza	Non existen repositorios en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe (no momento de responder este cuestionario)	Outras	Non
Oportunidade	Contamos cunha decente conexión a internet a pesares de estar no rural	Administración educativa	Si
Oportunidade	Disposición para axudar no que sexa necesario deixándonos equipos, mercando tablets..	ANPA	Non
Oportunidade	O centro mantén unha comunicación moi activa, regular e ben organizada coas familias e a contorna	Contorna	Non
Oportunidade	Sí se coñecen os dereitos de autor	Lexislación	Non
Oportunidade	Contamos con asistencia técnica externa pagada polo centro. A da Xunta é casi inexistente	Outras	Si

3.4. Análise

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO:

Unha vez obtidos os resultados da análise do DAFO, o Equipo do Plan Dixital e do PFPP reúnese para estudialo, analízalo, debatilo e poder así establecer as áreas prioritarias e establecer os obxectivos que queremos conseguir os cales terán que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal

Con estos obxectivos pretendemos chegar a un 100% de éxito o cal terá se reflexa nos indicadores e os seus valores de partida e de chegada.

Determinamos as acción a levar a cabo para conseguir cada obxectivo, eliximos os responsables das mesmas e acordamos unha temporización e determinamos os recursos necesarios

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Pertencendo a Rede de Escolas Conectadas cabe destacar que a nosa infraestrutura de datos podémola considerar como moi boa, sobretudo tendo en conta que estamos no rural.

De cara á telefonía móvil, dependemos para esta cuestión dos concellos de Vedra e Boqueixón pois somos un CRA e a boa comunicación permítenos arranxar as debilidades xurdidas.

As necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, están reflectidas nas táboas abaixo indicadas e canalizarémolas a través da UAC, formarámonos no PFPP do centro para poder mellorar e ter unha mellor visión das posibilidades de mellora e actualización

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Revisar dos dispositivos dixitais do centro e poñer en marcha os paneis interactivos recibidos da Consellería a finais do curso pasado
O02PD	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital (B3*)
O03PD	Establecer unha liña de formación no PFPP sobre Polos Creativos na que aproveitaremos para aprender sobre o uso e mellor aplicación dos novos paneis dixitais chegados ao centro
O04PD	Mellorar a asistencia técnica
O05PD	Revisar e mellorar dos contidos da nosa Nube de Escolas na Nube para un mellor aproveitamento do alumnado tanto no centro como na casa.

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Acadado

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - Non temos asistencia técnica eficaz

Ameaza - Lexislación - Insuficiente tempo para trasladar á aula os cambios metodolóxicos

Fortaleza - Persoal docente - O profesorado considera moi útil o desenvolvemento a través da colaboración que se está a facer

Oportunidade - Administración educativa - Contamos cunha decente conexión a internet a pesares de estar no rural

Oportunidade - Outras - Contamos con asistencia técnica externa pagada polo centro. A da Xunta é casi inexistente

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de equipos revisados.	0% de equipos revisados	100% dos equipos revisados	100% dos equipos revisados			

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
:Solicitar a revisión do bo funcionamento e estado de todo o material tecnolóxico das escolas	01/03/2025	setembro
Responsables	Persoa coordinadora das TIC. Persoa secretaria do centro	
Destinatario	Todos os equipos informaticos das escolas	

Revisión	Data	Arquivo
Realizadas as solicitudes, xa foron atendidas	13/12/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Determinar as necesidades de cada equipo	01/03/2025	
Responsables	Persoa coordinadora das TIC	
Destinatario	Todos os equipos informáticos do CRA	

Revisión	Data	Arquivo
Feita a revisión por escolas dos equipos informáticos	01/11/2024	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Parcialmente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - Non temos asistencia técnica eficaz

Ameaza - Lexislación - Insuficiente tempo para trasladar á aula os cambios metodolóxicos

Debilidade - Persoal docente - Falta a reflexión sobre o aprendizaxe e a autoavaliación

Fortaleza - Alumnado - Alumnado no mellor momento de absorción de coñecementos, metodoloxías, actividades, proxectos dixitais

Fortaleza - Familias - Rápida adaptación ás modificacións dixitais realizadas

Fortaleza - Infraestruturas - Contamos con moitos dispositivos dixitais para a ensinanza

Fortaleza - Persoal docente - O profesorado considera moi útil o desenvolvemento a través da colaboración que se está a facer

Oportunidade - Administración educativa - Contamos cunha decente conexión a internet a pesares de estar no rural

Oportunidade - Outras - Contamos con asistencia técnica externa pagada polo centro. A da Xunta é casi inexistente

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de colaboracións con outras entidades (Instrumento: Memoria anual)	0 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros _¿)	3 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros _¿)				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre "Novas Tecnoloxías"	24/02/2025	
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Toda a Comunidade Educativa	

Revisión	Data	Arquivo
Solicitadas as charlas do Plan director	23/02/2025	

Acción	Data máxima	Temporalización
Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (medio ambiente, ciencia en galego, ¿)	21/06/2025	
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Toda a Comunidade Educativa	

Revisión	Data	Arquivo
Comunicación cos dous departamentos de orientación dos CPIs aos que estamos adscritos e cos dous Cocellos para coordinar a publicidade de formacións e actividades para as familias	13/12/2024	
Comunicación cunha empresa para a realización dun taller de música tradicional por todas as escolas do CRA	10/05/2025	

4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - Non temos asistencia técnica eficaz

Ameaza - Lexislación - Insuficiente tempo para trasladar á aula os cambios metodolóxicos

Debilidade - Persoal docente - Falta a reflexión sobre o aprendizaxe e a autoavaliación

Fortaleza - Alumnado - Alumnado no mellor momento de absorción de coñecementos, metodoloxías, actividades, proxectos dixitais

Fortaleza - Infraestruturas - Contamos con moitos dispositivos dixitais para a ensinanza

Fortaleza - Persoal docente - O profesorado considera moi útil o desenvolvemento a través da colaboración que se está a facer

Oportunidade - Administración educativa - Contamos cunha decente conexión a internet a pesares de estar no rural

Oportunidade - Outras - Contamos con asistencia técnica externa pagada polo centro. A da Xunta é casi inexistente

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
PFPP con liña de formación en materia de Polos creativos	0 liñas de formación en material de Polos Creativos	1 liña de formación en material enviado por Polos Creativos	1 liña de formación en material enviado por Polos Creativos			

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Formarnos en GT ou seminario para coñecemento do funcionamento dos paneis interactivos e o seu mellor aproveitamento.	31/05/2025	
Responsables	Dirección/Profesorado	
Destinatario	Todo o Claustro	

Revisión	Data	Arquivo
Realizado o PFPP e enviada a memoria ao CAFI	23/05/2025	
Solicitud de formación enviada ao CAFI	02/10/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Usar sistematicamente os paneis interactivos	21/06/2025	
Responsables	Todo o claustro e o alumnado	
Destinatario	Todo o claustro e o alumnado	

Revisión	Data	Arquivo
Posta en práctica por parte do profesorado dos paneis	13/11/2023	
Uso diario dos paneis nas escolas	21/06/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Aprender e valorar as aplicacións e as súas posibilidades na aula, ou na casa	21/06/2025	
Responsables	Equipo Tic/Dinamizadores do Plan dixital/ Titores/Especialistas	
Destinatario	Todo o profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Formación rematada	10/05/2024	
Formación solicitada e iniciada	23/11/2023	

4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Acadado

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - Non temos asistencia técnica eficaz

Ameaza - Contorna - Acceso limitado do alumnado a unha conexión estable de internet

Debilidade - Alumnado - Non disposición de dispositivos adecuados para o alumnado

Debilidade - Infraestruturas - Insuficientes dispositivos en boas condicións para o alumnado

Fortaleza - Alumnado - Alumnado no mellor momento de absorción de coñecementos, metodoloxías, actividades, proxectos dixitais

Fortaleza - Familias - Rápida adaptación ás modificacións dixitais realizadas

Fortaleza - Infraestruturas - Contamos con moitos dispositivos dixitais para a ensinanza

Fortaleza - Oferta - O centro educativo ten acceso a recursos dixitais en liña ben organizados

Fortaleza - Organización de centro - Empregamos novas modalidades de ensino. O profesorado colabora dentro da escola para o uso da tecnoloxía dixital

Fortaleza - Persoal docente - O profesorado considera moi útil o desenvolvemento a través da colaboración que se está a facer

Oportunidade - Administración educativa - Contamos cunha decente conexión a internet a pesares de estar no rural

4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Establecer protocolo	0 incidencias resoltas	1 incidencia resolta por escola	2 incidencias resoltas por escola			

4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Debater sobre a necesidade de resolver as incidencias técnicas	24/02/2025	
Responsables	Mestres/as/especialistas	
Destinatario	Todo o profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Necesidades resoltas	24/02/2025	

Acción	Data máxima	Temporalización
Recordar o seguimento do protocolo existente	24/02/2025	
Responsables	Equipo Directivo/ Titores/Especialistas	
Destinatario	Todo o profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Protocolo recordado en todas as reunións do claustro	21/06/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.3:Aplicar o protocolo	21/06/2025	
Responsables	Todo o claustro e o alumnado	
Destinatario	Todo o claustro e o alumnado	

Revisión	Data	Arquivo
Todo o profesorado aplica o protocolo	21/06/2024	

4.6. Datos do obxectivo O05PD

Código	Estado
O05PD	Pendente

4.6.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Contorna - Acceso limitado do alumnado a unha conexión estable de internet
 Debilidade - Familias - Falta de tempo, medios e dunha conexión axeitada
 Debilidade - Persoal docente - Falta a reflexión sobre o aprendizaxe e a autoavaliación
 Fortaleza - Alumnado - Alumnado no mellor momento de absorción de coñecementos, metodoloxías, actividades, proxectos dixitais
 Fortaleza - Familias - Rápida adaptación ás modificacións dixitais realizadas
 Fortaleza - Infraestruturas - Contamos con moitos dispositivos dixitais para a ensinanza
 Oportunidade - Administración educativa - Contamos cunha decente conexión a internet a pesares de estar no rural
 Oportunidade - Outras - Contamos con asistencia técnica externa pagada polo centro. A da Xunta é casi inexistente

4.6.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Entrada na nube desde as escolas polo menos unha vez á semana	0 entradas á semana na nube nas escolas	1 vez á semana entrar na nube desde as escolas	1 vez á semana entrar na nube desde as escolas			

4.6.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Revisar as actividades subidas á nube e o seu correcto funcionamento	01/12/2024	
Responsables	Equipo Tics	
Destinatario	Todo o profesorado e alumnado	

Revisión	Data	Arquivo
Revisadas as aplicacións e xogos subidas á nube	01/12/2023	

Acción	Data máxima	Temporalización
Actualizar as actividades da Nube en función das necesidades das escolas	21/06/2025	
Responsables	Todo o claustro	
Destinatario	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Revisar trimestralmente as actividades da nube no escritorio do alumnado para verificar o seu bo funcionamento	21/06/2024	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

Realizar reunións trimestrais co Equipo Dixital do centro

5.2. Primeiro trimestre

Reunión realizada na reunión do Equipo Tic.

001PD: Acción 1.- Realizada

002PD: En proceso

003PD: Solicitada a formación e posta en marcha da mesma

004P: En proceso

005PD: En proceso

5.3. Segundo trimestre

Reunión realizada na reunión do Equipo Tic

001PD: Acción 1.-

O02PD:
O03PD:
O04P:
O05PD:

5.4. Terceiro trimestre

Reunión realizada na reunión do Equipo Tic

O01PD: Acción 1.-
O02PD:
O03PD:
O04P:
O05PD:

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Valoraremos o logro dos obxectivos como se indica nas táboas e realizaremos as pertinentes propostas de mellora

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Este Plan Dixital darase a coñecer en primeiro lugar ao Claustro e ao Consello Escolar no primeiro Claustro e Consello do Curso e integrárase tanto no PE como na Programación Xeral anual pois será de obrigatoria revisión anual.

Darase a coñecer ás familias e a toda a Comunidade educativa a través da nosa Páxina Web e do Abalarmóbil, ao igual que na primeira reunión xeral que se ten a principio de curso con todas as familias para darlles a coñecer as liñas de traballo, as normas de organización e funcionamento do Centro e todos os nosos Proxectos Educativos. Tamén se poderá acceder ao Plan Dixital a través da aplicación <https://www.edu.xunta.gal/educalidade/prv/detallePlanComunicacion-detalle.action?planCentro.codPlan=1&planCentro.codTipoPlan=1&planCentro.codConvocatoria=132&edicion=true> type="Reference" target="_blank">EDUCALIDADE

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
Protocolo mantemento equipación informática	protocolo actuación no mantemento dos equipos.doc
Táboa incidencias	INCIDENCIAS INFORMÁTICAS (2).odt
Selfie CRA Boqueixon-Vedra	15032571_CRA Boqueixon-Vedra Neira Vilas_SELFIE_301121_151221- 2.pdf
CDD Cra Boqueixon-Vedra	15032571_CRA Boqueixon-Vedra Neira Vilas_CDD_10032022.pdf